

RELACIÓNS DE SIGNIFICADO ENTRE AS PALABRAS.

EXERCICIOS (GALEGO)

- **TODOS OS EXERCICIOS NO CADERNO** (aínda que non copiedes o enunciado, indique o título da copia e o número de exercicio).

1. Indica que tipo de palabras son as seguintes tendo en conta a relación de significado que existe entre elas. Lembra: palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, homónimas (homógrafas e homófonas), campo semántico e campo conceptual.

- doutor – médico:
- piar (columna) – piar (rechouchío dos paxaros):
- caro – barato:
- carballo, eucalipto, castiñeiro, maceira:
- paga (cantidade de diñeiro) – paga (participio do verbo pagar):
- regalo – agasallo:
- valente – covarde:
- coche, multar, semáforo, sinal, veloz:
- pola – póla:

2. Clasifica correctamente as seguintes palabras en dous campos semánticos diferentes.

insípido/a	fragrante	fétido/a	salgado/a
eslamiado/a	doce	oloroso/a	acedo/a
aromático/a	agre	picante	amargo/a
fedorento/a	cheiroso/a	pestífero/a	recendente

3. Elaborade os seguintes campos semánticos con, no mínimo, cinco vocábulos cada un (coidado cos castelanismos!).

sentimentos – utensilios de cociña - asentos

4. Destes dous grupos de vocábulos relacionados co teatro, un constitúe un campo semántico e o outro un campo conceptual. Identificaos e explica a diferenza entre eles.

ensaiar, peza, aplaudir, repertorio, divertirse, traxedia, foco, representar	obra, actriz, acto, escena, iluminación, comedia, personaxe, espectáculo
--	--

5. Que relación semántica existe entre os seguintes pares de palabras? Escribe un enunciado con cada parella de tal maneira que se aprecie a diferenza de significado entre os dous termos.

saia/saía bola/bóla ai/aí elixir/elixir besta/bésta luxar/luxar

6. Selecciona o vocábulo homófono adecuado para cada caso.

- Aquele porto deportivo ten máis de douscentos barcos de (*bela/vela*) atracados.
- Ela é autora dunha (*bela/vela*) canción dedicada á loita polos dereitos lingüísticos.
- Saíron do (*cabo/cavo*) de Fisterra con dirección ao Gran Sol.
- Se (*cabo/cavo*) moi fondo esta terra máxica, talvez encontre o cofre dos ananos.
- Os (*bastos/vastos*), as copas, os ouros e as espadas son os catro paus da baralla.
- O río percorre unha (*basta/vasta*) rexión.
- Ofértase posto de traballo para enxeñeiro (*nabal/naval*).
- Caeron para ese (*nabal/naval*) e luxáronse de terra.

7. Introduce as seguintes palabras nos ocos en branco.

ai/aí/hai

- Podes traerme o caderno que _____ encima de _____.
- _____! Que susto me deches!!!
- _____ ben tempo que non os vía tan contentos.
- Soltou un _____ de dor que se escoitou na China.

ha/a/ah/á

- _____! Pois non o sabíamos.
- Seguro que el _____ de querer cear xa.
- _____ chaqueta está feita _____ man e _____ présa.
- Contratou _____ abogada de oficio que coñeces.

8. Escolle o vocábulo correcto para cada definición.

balor/valor	nobelo/novelo
habano/abano	luar/lunar
espiar/expiar	esterno/externo

Utensilio en forma de semicírculo para dar aire, que pode estar feito de papel ou tea.	
Sufrir unha pena ou un castigo por un delito.	
Peluxe branca ou verdosa de fungos microscópicos.	
Bóla de fío enrolada.	
Óso plano situado verticalmente no centro do peito ao que se unen as costelas.	
Mancha escura da pel.	
Vixiar.	
Valentía para enfrontar algo ou valía dun obxecto, por exemplo.	
Cigarro puro feito con tabaco de Cuba.	
Sinónimo de exterior.	
Luz do Sol reflectida pola Lúa que ilumina a Terra pola noite.	
Cría dunha vaca.	

- Que tipo de palabras son as que non están marcadas en negriña?
- Que tipo de palabras son as que están marcadas en negriña?